

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 24-05-2023, ditou a resolución con número 1257/2023 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

Rectificación de erros materiais na R-952/2023, do 13 de abril, que modificou a Resolución da Alcaldía núm. 3600/2022, de 28/11/2022, pola que se aprobaron as bases xerais e bases específicas e convocatoria para a selección das prazas incluídas n a OEP 2022 “extraordinaria” ou “adicional” de “estabilización”; praza de Técnico de Educación familiar).

ANTECEDENTES.-

PRIMEIRO.- Mediante Resolución da Alcaldía núm. 952/2023, do 13 de abril, pola que modificou da Resolución da Alcaldía núm. 3600/2022, de 28/11/2022, pola que se aprobaron as bases xerais e bases específicas e convocatoria para a selección das prazas incluídas n a OEP 2022 “extraordinaria” ou “adicional” de “estabilización”, no tocante á praza de **Técnico de Educación familiar** acordouse o seguinte:

*“**Terceiro.-** Abrir un novo prazo de presentación de instancias de 20 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da nova convocatoria no Boletín Oficial do Estado, trala publicación no BOP desta modificación*

*Este novo prazo de presentación de instancias unicamente se abre **para aquelas persoas** que estean en posesión das titulacións de **Diplomado/a ou Graduado/a en Educación Social**”.*

SEGUNDO.- Advertiuse un erro material por omisión dun terceiro parágrafo no dito resolutivo, polo que procede a corrección de erros da citada Resolución no seguinte sentido:

*“**Terceiro.-** Abrir un novo prazo de presentación de instancias de 20 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da nova convocatoria no Boletín Oficial do Estado, trala publicación no BOP desta modificación*

*Este novo prazo de presentación de instancias unicamente se abre **para aquelas persoas** que estean en posesión das titulacións de **Diplomado/a ou Graduado/a en Educación Social**.*

Non obstante o anterior e a apertura dun novo prazo de presentación de instancias, os méritos valoraranse con referencia ao 16 de xaneiro de 2023, data na que rematou o prazo inicial de presentación de instancias aberto trala publicación do anuncio da convocatoria no BOE do 16 de decembro de 2022”.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

De conformidade có previsto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, éstas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Á vista de todo o anterior e de acordo coas atribucións que confire á Alcaldía o artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, pola presente,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Rectificar o erro material detectado no resolutivo terceiro da Resolución da Alcaldía núm. 952/2023, do 13 de abril, pola que se aprobou a modificación da Resolución da Alcaldía núm. 3600/2022, de 28/11/2022, pola que se aprobaron as bases xerais e bases específicas e convocatoria para a selección das prazas incluídas na OEP 2022 “extraordinaria” ou “adicional” de “estabilización” derivada da Lei 20/2021 no que se refire ás condicións de admisión dos/as aspirantes á praza de **Técnico de Educación familiar**, que queda redactada como segue:

“Terceiro.- Abrir un novo prazo de presentación de instancias de 20 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da nova convocatoria no Boletín Oficial do Estado, trala publicación no BOP desta modificación

*Este novo prazo de presentación de instancias unicamente se abre **para aquelas persoas** que estean en posesión das titulacións de **Diplomado/a ou Graduado/a en Educación Social**.*

Non obstante o anterior e a apertura dun novo prazo de presentación de instancias, os méritos valoraranse con referencia ao 16 de xaneiro de 2023, data na que rematou o prazo inicial de presentación de instancias aberto trala publicación do anuncio da convocatoria no BOE do 16 de decembro de 2022.

SEGUNDO.- Acordar a publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña da modificación destas bases, coa rectificación de erros advertida.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Secretario

Evencio Ferrero Rodríguez

Miguel Piñeiro Souto

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

Miguel Piñeiro Souto